



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

D^a. VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 7 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar (2026/G003/000587)

EXPEDIENTE: 2026/A006/000004

Visto o Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da Rede de Concellos contra o acoso escolar, asinado en data 11 de marzo de 2026, que establece os mecanismos para consolidar unha rede de apoio territorial que non só interveña ante situacións de acoso escolar, senón que actúe de forma preventiva para garantir o benestar e desenvolvemento integral do alumnado galego nun clima de convivencia positiva.

Considerando a cláusula terceira, que establece que os Concellos poderán adherirse á Rede de Concellos contra o acoso escolar, mediante a incorporación a través da FEGAMP, conforme ao procedemento que dita entidade estableza ao seu fin, o cal fornecerá os mesmos efectos xurídicos que a subscripción directa.

Vista a comunicación remitida pola FEGAMP en relación ao procedemento de adhesión ao Convenio.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar a adhesión do Concello de Teo ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para o desenvolvemento da Rede de concellos contra o acoso escolar, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo.

Segundo.- Remitir a solicitude de adhesión á Federación Galega de Municipios e Provincias, xunto coa documentación correspondente, para continuar co procedemento, e dar traslado aos departamentos implicados no seguimento do Convenio.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz